

## O neno da estrela (Canto de Nadal)

Nace pola medianoite  
baixa á beira do mar  
trae o misterio do ceo  
no seu máxico brillar.

Baixa do alto da serra  
oíndo o río cantar  
solermiño e garimoso  
el sóuboa namorar.

Estrela amiga, fada do mar,  
luz que na noite me fai soñar.  
Doce Meniño, cara de sol,  
que ten palabras de Paz e Amor.

Folerpa de prata e neve  
que a terra vén bicar  
para que nela agromen  
os sentimentos de paz.

Nace pola medianoite  
un roibo e ledó Rapaz  
cunha luz nova nos ollos  
e o corazón nas mans.

Fragmento de Neira, X. (2018). *Gaiola aberta – O neno da estrela (Canto de Nadal)*. Bahía Edicións.



“Texto escrito 2 – O neno da estrela”, do proxecto cREAgal, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](#)